

RESUME DOS PRAZOS DE INSCRICIÓN PARA A CAMPAÑA DE VIXILANCIA DA SAÚDE CURSO ACADÉMICO 2026-2027

A Consellería garante a todo o persoal docente e non docente que se atope en servizo activo e preste servizos nos seus centros docentes públicos non universitarios de Galicia o seu dereito efectivo á vixilancia da saúde, independentemente do seu vínculo e/ou réxime contractual. Con esta finalidade, e dado que existen colectivos de persoas traballadoras que se incorporan en diversas datas ao longo do curso escolar, é preciso establecer diversos prazos de inscrición que lles faga posible o seu acceso ao recoñecemento médico en igualdade de condicións e cos mesmos recursos técnicos e humanos dispoñibles.

Por tal motivo, establécense tres modalidades de inscrición dependendo de se se trata de persoal substituto ou do resto de persoal en función de se a súa data de toma de posesión é anterior ou posterior ao inicio da campaña (25/09/2026).

- **Por persoal substituto**, enténdese a estes efectos, a aquela persoa traballadora, en servizo activo, que substitúa a outra persoa (docentes substitutos e non docentes substitutos) e que leven 65 días naturais de servizo ininterrompido contados dende o 01/09/2026, ou dende o día seguinte ao nomeamento se fora posterior a esa data.
- **O resto de persoal**, en servizo activo, que disporá dun prazo de inscrición en función de se a súa data de toma de posesión é anterior ou posterior ao inicio da campaña (25/09/2026). Inclúe ao persoal docente (Persoa funcionaria de carreira ou funcionaria en prácticas, así como aquela persoa interina con nomeamento para todo o curso) e ao persoal non docente (Persoa funcionaria de carreira e persoa laboral fixa ou indefinida así como persoa funcionaria interina ou laboral temporal que ocupa unha praza vacante pura).



Así, recóllense de forma específica os seguintes prazos de inscrición en función do colectivo de persoas traballadoras afectadas:

PERSOAL AFECTADO	PRAZO DE INSCRICIÓN
PERSOAL SUBSTITUTO	Dende o día 1 ao 20 do mes seguinte a aquel no que se cumbran os 65 días traballados de forma ininterrompida, contados dende o 01/09/2026, ou dende o día seguinte ao nomeamento se fora posterior a esa data.
PERSOAL NOMEADO CON ANTERIORIDADE AO 25/09/2026	Dende o 25 de setembro ao 31 de outubro de 2026.
PERSOAL NOMEADO CON DATA IGUAL OU POSTERIOR AO 25/09/2026	Dende o día 1 ao 20 do mes seguinte a súa toma de posesión.